

Emilio Rolán, investigador *ad honorem* do MHN, doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo

O malacólogo Emilio Rolán Mosquera, investigador *ad honorem* do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela, foi investido doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo o 22 de xuño do 2016.

Licenciado en Medicina e doutor en Bioloxía, destaca o seu amplo traballo en malacoloxía co descubrimento de 1200 especies e tres xéneros de moluscos novos para a ciencia. Conta cunha [colección malacolóxica](#) das máis completas e interesantes do mundo, depositada no Museo de Historia Natural da USC, e é o investigador que describiu máis especies novas para a ciencia no que vai de século XXI. Estamos a falar do "taxónomo mariño máis productivo do mundo", en palabras do seu padriño, o docente e investigador do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo Pedro Pablo Gallego.



[Colección malacolóxica Emilio Rolán](#) (PDF)

[Tipoteca Emilio Rolán](#)